



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 10 de outubro de 2011 á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, **considera pertinente**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

OMALIZUMAB

na indicación de mellora do control do asma en nenos (6 a <12 anos de idade), cando se administra como tratamento adicional en pacientes con asma alérxica grave persistente que presentan test cutáneo positivo ou reactividade *in vitro* a aeroalérxenos perennes e síntomas frecuentes durante o día ou despertares pola noite, e que presentasen **≥ 3 exacerbacións asmáticas graves documentadas no último ano, a pesares de utilizar corticosteroides diarios inhalados a dosis plenas (≥500mcg/día de fluticasona ou equivalente), máis un agonista beta2 inhalado de longa duración.**

En nenos con idade entre 6 e 11 anos que cumpran os criterios anteriores, pero con IgE por debaixo de 200UI/ml, deben presentar unha reactividade *in Vitro* inequívoca (RAST) ao alerxeno perenne antes de iniciar o tratamento.

Considérase imprescindible establecer un documento de información e consentimento informado que recolla datos de seguridade.

Realizarase unha avaliación do tratamento con Omalizumab, tanto no inicio coma no curso clínico da enfermidade para determinar a efectividade do tratamento, na Dirección médica e nas Comisións de Farmacia e Terapéutica dos centros hospitalarios.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011

A presidenta da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica

M^a Nieves Domínguez González



COMISIONS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE